

IES SAN TOME DE FREIXEIRO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

XEOGRAFÍA

2º BACHARELATO

CURSO 2019-20

ÍNDICE

Páx

1- OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	3
2- METODOLOXÍA DIDÁCTICA	4
3- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	5
3.1. LIBRO DE TEXTO	5
4- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	5
4.1- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	6
4.2- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN.....	6
4.3- AVALIACIÓN INICIAL	6
5- PUBLICIDADE Ó ALUMNADO E PAIS	6
6- PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN	7
7- CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO	7
7.1- AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR	7
8- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE.....	9
9- UTILIZACIÓN DAS TIC no BAC	9
10- PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA.....	10
10.1- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN	10
10.2- OBXECTIVOS, CONTIDOS , CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMP. CLAVE	13
10.3- Concreción dos estándares e INDICADORES DE LOGRO	

27

1. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuíra a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Como **principios metodolóxicos** deberáse favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso das técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, a capacidade de expresarse correctamente en público así como un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

Todas as materias que se integran no departamento son disciplinas ricas en información, nós pretendemos que os nosos alumnos e alumnas, ademais de adquirir unha boa formación en contidos, desenvolvan unha actitude reflexiva e crítica ante a materia e unha madurez persoal, polo tanto debemos darlles a oportunidade de buscar a información de forma independente, e non sempre xa elaborada. Isto implica o tratamento de **fontes diversas**, un proceso que debe ser gradual.

A metodoloxía que se pretende seguir é de carácter comprensivo e debe contar coa **participación activa** do alumnado, tendo en conta que o importante non é tanto o que o profesor ensina, senón o que o alumno aprende. Para manter a atención dos alumnos, convén utilizar os novos medios técnicos como formas alternativas de buscar información.

As **saídas da aula**, perfectamente programadas e non como simple divertimento, facilitan a introducción dos alumnos nos mecanismos de investigación e son unha importante fonte de motivación.

Neste ensino activo e de indagación deben incluírse os **traballos en grupo dentro da aula**. Outro elemento primordial de toda **aprendizaxe comprensiva** é facer o maior uso posible das relacións dos novos coñecementos con esquemas que o alumno teña xa adquiridos ou estean en fase de adquisición. Dada a simultaneidade dalgúns temas nos currículos de varias materias que se imparten no mesmo curso, é un recurso metodolóxico inestimable a

interdisciplinarietà. En calquera caso, o método empregado debe ir sempre de acordo cos obxectivos que se pretenden conseguir.

Preténdese tamén que o alumnado domine, ao final do curso escolar, un vocabulario científico das materias. **A gradación na adquisición do vocabulario** corresponderase cunha gradación na dificultade das unidades, que esixen formulacións cada vez máis profundas. Ao final de cada unidade introducirase unha actividade de síntese a través da cal o alumno deberase lembrar do vocabulario xa estudado.

A utilización do contorno próximo na medida do posible é tamén un dos puntos básicos que hai que ter en conta.

A contextualización nos períodos históricos é outro aspecto clave no estudo de tódas as materias. Por iso é fundamental a utilización de eixes cronolóxicos, esquemas e resumos.

Todo o anteriormente exposto conséguese mediante a utilización na aula de **tratamentos diferentes da información** e alternando os procedementos de traballo. A todo isto é necesario engadirle a observación de diapositivas, atlas, a lectura de fontes iconográficas, a utilización periódica de libros diferentes ao libro de texto, os comentarios en grupo e os vídeos, que actúan como **actividade globalizadora**. Ao comezo de cada unidade son necesarias as clases expositivas, pois é tarefa do profesor centrar os aspectos máis relevantes de cada unidade didáctica.

3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento dispón dos seguintes recursos:

- Unha colección completa de diapositivas de arte.
- Bibliografía histórica e xeográfica para consulta do profesorado.
- Unha colección de DVD de H^a de España para 2^o de Bacharelato.
- Unha colección de arte:"Los genios de la pintura"
- Dos colecciónes de 10 DVD de Historia general del arte

Ademáis destes materiais de uso común, cada profesor é responsable da elaboración dos seus propios materiais de aula segundo as necesidades da súa programación.

3.1. LIBRO DE TEXTO

4. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Na etapa de bacharelato a avaliación debe fundamentarse nos seguintes principios:

- Continuidade, que fai referencia á necesidade de entender a avaliación como un proceso no que poderemos distinguir diferentes momentos: inicio, proceso-desenvolvemento e fin.
- Sistemática, que alude á necesidade de establecer a forma de seguimento de acordo cun plan previamente trazado, que deberá ser levado a cabo con rigor.
- Flexibilidade, que implica a posibilidade de utilizar no proceso avaliador, e sempre en función dos obxectivos trazados, diversidade de técnicas e instrumentos de rexistro.

Tendo en conta estes principios os procedementos de avaliación consistirán en:

- A observación directa do traballo realizado polos alumnos e alumnas.
- A análise das tarefas e actividades desenvolvidas.
- A corrección de probas específicas.

4.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación comprenden un conxunto de técnicas que permiten a obtención de datos sobre a evolución do proceso de aprendizaxe do alumnado. Estas técnicas poden ser:

De observación, directa e indirecta realizadas de forma sistemática.

Entrevistas, probas escritas e orais e cuestionarios.

Estas técnicas concretaranse en actividades de avaliación que abarquen ámbitos diversos, entre eles:

- Asociación entre conceptos.
- Elección da mellor resposta.
- Definición do significado.
- Exposición temática.
- Identificación e categorización de exemplos.

- Comentarios de imaxes, mapas e gráficos.
- Síntese por medio de resumos, mapas de contido, gráficos, etc.
- Comentarios e composicións de textos.

4.2. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Os resultados da avaliación no BACHARELATO expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8 e ao SB o 9 e 10.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Cando a nota media das avaliacións resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo. Por exemplo, dende 4 a 4,5 aproximarase a 4. Dende 4,6 a 4,9 aproximarase a 5.

En caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nalgún control será cualificado/a nesa proba cun 0.

En cada avaliación o profesorado terá en conta, ademáis da nota das probas, as actividades desenvolvidas na aula, que contribuirán a subir a cualificación.

4.3. AVALIACIÓN INICIAL

Para a realización da avaliación inicial, cada profesor ou profesora elaborará e cualificará unha proba que medirá as competencias clave dos cursos anteriores, cuxos resultados serán rexistrados documentalmente.

4.4 Avaliación continúa

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Realizarase como mínimo unha proba escrita por avaliación. O número de probas e o número de temas que entrarán en cada proba déixase a criterio de cada profesor/a.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

A cualificación deste tipo de probas servirá para redondear a nota da avaliación cando esta resulte con números decimais. En caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nalgún control será cualificado/a nesa proba cun 0.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

A cualificación final será a media aritmética das probas realizadas nesa avaliación. Cando a nota media resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo, redondeando ó alza ou á baixa segundo a cualificación do traballo realizado polo alumnado.

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada (no

Haberá UN EXAME de recuperación para CADA AVALIACIÓN que poderá ser despois de cada avaliación ou ó final de curso. O profesorado de cada materia decidirá a data de realización de dito exame.

É obrigatorio presentarse ao exame de recuperación para todos os alumnos e alumnas que obtiveran unha nota inferior a 4,5 na media da avaliación correspondente. A nota a considerar para a media final, será a máis alta, entre media da avaliación e a da propia recuperación, agás os casos nos que no exame de recuperación teñan unha nota máis de 1,5 inferior á obtida na media da avaliación correspondente

Como se calcula a cualificación final da materia na avaliación ordinaria:

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Cando a nota media das avaliacións resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo. Por exemplo, dende 4 a 4,5 aproximarase a 4. Dende 4,6 a 4,9 aproximarase a 5.

5. PUBLICIDADE Ó ALUMNADO E PAIS

Ao comezo do curso o profesorado informará aos seus alumnos da metodoloxía que vai empregar e os procedementos de avaliación que vai utilizar. Ademais, o alumnado e os pais poderán ter acceso ao contido desta programación e aclarar calquera dúbida relacionada coa materia dirixíndose en primeiro lugar á Xefatura de Estudos do centro e en segundo lugar á Xefatura do Departamento.

6. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN

Haberá un EXAME DE RECUPERACIÓN en cada avaliación para o alumnado que suspenda a materia. Cada profesor, na súa aula, decidirá a data da realización do exame que poderá ser despois de cada avaliación ou ó final de curso.

Proba extraordinaria de setembro: Os alumnos e alumnas que non superen a materia en xuño terán dereito a recuperala en setembro mediante un exame cuxas datas serán determinadas pola xefatura de estudos.

Características da proba de setembro:

A proba comprenderá definicións ou respostas curta, Comentario de gráficos, textos ou mapas e preguntas teóricas, atendendo ao modelo de exame das probas ABAU.

7. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

O Currículo de Educación Secundaria de Galicia, no seu Anexo IV, establece o Proxecto Lector do Centro: "...O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, **incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde**, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura...". "...Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades

da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal".

Existen catro dimensións xerais da competencia lingüística, que son:

- **Falar e escoitar**, é dicir, ser competente na expresión e comprensión de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.
- **Ler**, é dicir, ser competente á hora de comprender e usar textos diferentes con intencións comunicativas tamén diferentes.
- **Escribir**, é dicir, ser competente á hora de compoñer diferentes tipos de texto e documentos con intencións comunicativas diversas.

7.1. AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR

O dominio e progreso das competencias lingüísticas nas dimensións de falar e escoitar, e ler e escribir, terá que comprobarse a través do uso que fai o alumnado en situacións comunicativas diversas. Poden servir de pautas os seguintes exemplos de situacións, actividades e tarefas, que na súa maioría se realizan diariamente e que se poden considerar para avaliar a consecución desta competencia:

FALAR E ESCOITAR

- Presentación de debuxos, fotografías, mapas etc. coa intención de que o alumnado, individualmente ou en grupo reducido, describa, narre, explique, razoe, xustifique, valore a propósito da información que ofrecen estes materiais.

- Presentación pública, por parte do alumnado, dalgunha produción elaborada persoalmente ou en grupo, sobre algúns dos temas que poidan tratarse en clase.
- Exposición en voz alta dunha argumentación, dunha opinión persoal, dos coñecementos que se teñen arredor algún tema puntual, como resposta a preguntas concretas ou a cuestións máis xerais, como poden ser: "Que sabes de...?", "Que pensas de...?". "Que queres facer con...?". Que valor das a...?". "Que consello darías neste caso?".

LER

- Facer **lectura en voz alta**, en todas as sesións de clase, da parte correspondente aos contidos que hai que tratar nesa sesión, do libro de texto ou calquera outro documento usado como recurso, e avaliar certos aspectos como: velocidade, entonación, corrección, ritmo, fonética.
- A partir da lectura do enunciado das actividades que hai que desenvolver, obter a idea principal da cuestión que se propón, para poder dar a resposta adecuada. Sobre todo, da lectura dos enunciados dos exercicios.
- A partir da lectura dun texto determinado (periódico, revista...), indicar que cadro, que representación, que gráfico, que título de entre diversos posibles é o máis adecuado para o conxunto do texto ou para algunha parte, e extraer conclusións.
- Busca e realización de biografías de grandes personaxes e lectura de parte destas.

ESCRIBIR

- Compoñer un texto libre sobre un determinado tema, a partir dalgunha razón que o faga necesario.
- A partir da lectura dun texto determinado, elaborar un resumo.

- Escribir ao ditado ou realizar outro exercicio ou actividade que o profesor pode propoñer en calquera momento como complemento aos contidos tratados nas sesións de traballo.

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE

O procedemento para realizar o seguimento da programación e a súa avaliación farase coincidir coas sesións de avaliación, nas que se considerarán, entre outros, os seguintes aspectos:

Sesión de avaliación tras a avaliación inicial.

Nesta sesión de avaliación, como consecuencia da valoración realizada na avaliación inicial, estudarase se a planificación prevista é a adecuada no tocante a:

- Se o alumnado posúe os coñecementos previos necesarios para abordar esta programación docente e, no caso contrario, medidas que se adoptarán.
- Os contidos que se desenvolverán e a súa secuenciación.
- Se as estratexias metodolóxicas previstas son as máis adecuadas para este grupo.
- A organización temporal prevista.
- Se o tipo de actividades previstas é o adecuado ao grupo de alumnado.

Sesións da primeira e segunda avaliación.

Nestas sesións de avaliación analizarase o desenvolvemento da programación docente valorando os seguintes aspectos:

- Se o alumnado vai adquirindo os coñecementos e competencias previstos.
- Se a súa organización temporal está sendo a adecuada.
- Se as estratexias metodolóxicas desenvolvidas son as máis adecuadas.
- Balance xeral e propostas de mellora.

Sesión da terceira avaliación.

Nesta sesión realizarase unha avaliación do desenvolvemento da programación docente facendo maior fincapé nos seguintes aspectos:

- Grao no que se desenvolveu a programación docente.
- Valoración dos resultados académicos, é dicir, en que grao se conseguiron as aprendizaxes e competencias básicas previstas no alumnado.
- En que medida funcionaron as propostas de mellora introducidas nas anteriores sesións de avaliación.
- Análise xeral: valoración do conseguido, análise das posibles causas das dificultades atopadas, propostas de mellora e/ou revisión dalgúns aspectos da programación docente.

9. UTILIZACIÓN DAS TIC NO BACHARELATO

PÁXINAS WEB DE INTERESE

XEOGRAFÍA

<http://www.ub.edu/geocrit/aracne/aracne-118.htm>.

<http://www.isaacbuzo.com>

10. XEOGRAFÍA

A materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

O obxecto de coñecemento é a Xeografía de España sen esquecer as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona (UE, áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España) inclúense nun tema final que

contextualizará España nas súas relacións coa UE e co resto do mundo.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

10.1. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

TEMA 1: O RELEVO PENINSULAR

- Tipos de unidades morfoestructurais.
- Evolución das unidades morfoestructurais do relevo peninsular.
- rochedo peninsular e os tipos de relevo
- As grandes unidades morfoestructurais do relevo peninsular: a Meseta, os bordos montañosos da Meseta, as depresións exteriores da Meseta, as cordilleiras exteriores da Meseta.
- relevo costeiro peninsular: as costas atlánticas e as costas mediterráneas.
- relevo insular : arquipélago balear e arquipélago canario.

TEMA 2 : A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

- Os factores do clima : Os factores xeográficos, e Os factores termodinámicos.
- Os elementos do clima: a insolación e a nebulosidade. A temperatura do aire. A humidade do aire, a néboa e a calima. A presión e o vento. As precipitacións. A evaporación, a evapotranspiración e a aridez.
- Tipos de tempo atmosférico en España: Tempo do Noroeste. Tempo do Norte. Tempo do Oeste. Tempo do SO ou Sur. Tempo do Leste. Gota fría. Tempo cálido e estable. Vaga de calor. Tempo tormentoso de verán.
- Principais tipos de clima en España : O clima oceánico. O clima mediterráneo.O

clima de montaña. O clima de Canarias.

TEMA 3 : A DIVERSIDADE HÍDRICA E BIOXEOGRÁFICA

- A diversidade hídrica : Factores de influencia. Os ríos españois. Os lagos e os humidais españois. Os acuíferos.
- As formacións vexetais : Factores que inflúen na vexetación. As paisaxes vexetais de España. A paisaxe vexetal do clima oceánico. A paisaxe vexetal do clima mediterráneo. A paisaxe vexetal de ribeira. A paisaxe vexetal de montaña. A paisaxe vexetal de Canarias.
- O solo : Factores do solo. Os horizontes e o perfil do solo. Os tipos de solo. Os solos zonais. Os solos azonais e intrazonais.

TEMA 4: AS PAISAXES NATURAIS E AS INTERRELACIÓNS NATUREZA- SOCIEDADE

- As grandes paisaxes naturais : A España húmida. A España mediterránea. A montaña. As illas Canarias.
- A influencia do medio ambiente na actividade humana:
O medio natural como recurso : O relevo. O clima. A vexetación.
A auga. O
solo. Os riscos naturais.
- A Influencia da actividade humana no medio natural:
Os problemas ambientais: A contaminación atmosférica. A deforestación ou
destrución da cuberta vexetal. A contaminación, a erosión e a desertización do
solo. A sobreexplotación e a contaminación das augas. Os residuos sólidos
urbanos. A protección dos espazos naturais e da política ambiental.

2º TRIMESTRE

TEMA 5 : OS ESPAZOS DO SECTOR PRIMARIO

- Os espacios rurais
- Factores físicos e humanos do espacio rural : O medio natural. A estrutura agraria. O poboamento e o hábitat rural. O poboamento e o hábitat rural en Galicia. A política agraria.
- Os usos do espacio rural : A actividade agrícola. A actividade gandeira. A actividade forestal. Os novos usos do espacio rural.
- As paisaxes agrarias de España.
- As dinámicas recentes do mundo rural : A crise e os problemas do mundo rural. A ordenación do espacio rural.
- Os espacios da actividade pesqueira
- A actividade pesqueira.
- A crise e os problemas da actividade pesqueira.
- A política pesqueira: regulación e reconversión do sector.

TEMA 6 : OS ESPAZOS INDUSTRIAIS

- As materias primas
- As fontes de enerxía
- O sector mineiro e os recursos enerxéticos en Galicia.
- Evolución e características da industria (1855-1975)
- A crise e a reestructuración industrial (1975-1985)
- A industria española na actualidade, desde 1985 : A terceira revolución industrial e a recuperación da industria. A produción industrial: unha estrutura sectorial desfavorable. Estructura e problemas estruturais da industria española actual. Factores e tendencias de localización. Áreas industriais e desequilibrios. Problemas ambientais. Política industrial.

TEMA 7: OS ESPAZOS DE SERVICIOS

- A terciarización da economía española.
- Heteroxeneidade e desigualdade territorial dos servizos.
- O sistema de transporte e as comunicacións : Características do sistema de transporte. s comunicacións.
- O sistema de transporte en Galicia.
- Os espacios turísticos: Factores de desenvolvemento turístico español. O modelo turístico tradicional. A crise do modelo tradicional e o turismo alternativo. As áreas turísticas e a súa tipoloxía. O impacto espacial do turismo.

- O comercio interior e exterior : O comercio interior. O comercio exterior.

3º TRIMESTRE

TEMA 8 : A POBOACIÓN ESPAÑOLA

- As fontes demográficas.
- A distribución da poboación.
- Movemento natural da poboación
- Os réximes demográficos.
- Os desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.
- Os movementos migratorios : As migracións interiores. As migracións exteriores. A inmigración actual e as súas consecuencias.
- crecemento real da poboación.
- A estrutura por idade da poboación española
- Estructura por sexo e idade.
- Estructura económica da poboación.
- futuro da poboación española.

TEMA 9: : O ESPAZO URBANO

- Concepto de cidade: un fenómeno complexo.
- O proceso de urbanización : A urbanización preindustrial.A urbanización industrial. A urbanización postindustrial.
- A morfoloxía urbana.
- A estrutura urbana : A cidade preindustrial: o casco antigo. A cidade industrial: o ensanche urbano. A periferia actual e as recentes transformacións urbanas. As aglomeracións urbanas.
- Problemas das cidades españolas.
- A produción e a ordenación do espazo urbano : A produción do espazo urbano. A planificación urbana: o urbanismo.
- O sistema urbano español : O tamaño das cidades. As funcións das cidades españolas. A área de influencia urbana. As relacións urbanas no sistema español de cidades.

TEMA 10: ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO

- Concepto de globalización
- O proceso de mundialización e as súas consecuencias: as desigualdades territoriais e as novas áreas xoeconómicas.
- Unha alternativa á mundialización da economía: Os movementos antiglobalización.
- A posición de España e Galicia no espazo mundial: nas áreas xoeconómicas e nas áreas xeopolíticas.
- A Unión Europea: Natureza e contrastes físicos. Proceso de construción. Estrutura e políticas comunitarias.
- A situación de España e Galicia na UE: incidencia da aplicación das políticas comunitarias.

TEMA 11: ORGANIZACIÓN POLÍTICO ADMINISTRATIVA DE ESPAÑA

- Proceso histórico da organización territorial do Estado Español.
- O actual estado autonómico: Orixe, formación e organización.
- Os desequilibrios territoriais: Factores herdados e actuais.
- As políticas rexionais: Instrumentos: Fondos da UE, Política de incentivos rexionais. Fondo de compensación interterritorial.

NOTA: Os aspectos relativos ás políticas comunitarias e rexionais dos temas 10 e 11 terán un tratamento transversal ao longo do curso especialmente no segundo trimestre cando se desenvolvan os contidos de xeografía económica: Os espazos do sector primario, industriais e de servizos.

10.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico				
d e g i l	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.	XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
de g i l	B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.	XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas.	CMCCT CAA CCL
			XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas.	CMCCT CAA
de g i l	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico	XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.	CMCCT CAA CD
de g i l	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.	B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.	XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.	CMCCT CAA CD
			XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.	CMCCT CD
de g i l	B1.5. Técnicas cartográficas.	B1.5. Diseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.	XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural.	CMCCT CAA CCL CD
de g i l	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.	XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica				
de g i l	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.	B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.	XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.	CMCCT CAA CCL CD
de g i l	B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.	XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	B2.3. Definir o territorio español subliando as diferenzas das unidades morfoestruturais.	XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.	XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.	XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.6. Corte topográfico: realización e análise.	B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.	XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.	B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.	XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España.	CMCCT CAA CCL
XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares.			CMCCT CAA CCL CD	
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación				
d g i l	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.	XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España.	CMCCT CA CD
d e g i l	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas.	B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciais.	XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes.	B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.	XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.	XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.	B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.	XHB3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.	XB33.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l p	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.	XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.	CMCCT CAA CCL CD
d g i l	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	B3.8. Identificar as rexións vexetais.	XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliserias de vexetación.	B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.	XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparezan.	CMCCT CA CD
			XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 4. A hidrografía				

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.	B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.	XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.	B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características.	XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais.	CMCCT CAA CCL CD
d g i l	B4.3. Réximes fluviais predominantes.	B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos.	XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.	CMCCT CAA
d e g i l	B4.4. Zonas húmidas en España.	B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características.	XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais.	B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.	XHB4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas.	CMCCT CAA CCL CD
